

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Segundo o artigo 17 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes é un dereito individual?**

- A) Dereito á non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- B) Dereito a dispoñer de servizos de prevención e de órganos representativos en materia de seguridade laboral.
- C) Dereito á reunión.
- D) Dereito á folga.

**2. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece no seu artigo 9 que os requisitos de participación dos aspirantes nos procesos de selección de persoal estatutario fixo deberán cumprirse:**

- A) O día anterior á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- B) O día da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- C) Na data na que finalice o prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento de ser nomeado persoal estatutario fixo.
- D) O día da toma de posesión como persoal estatutario fixo.

**3. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 30 establece que dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) Non se inclúen as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- B) Inclúense as actividades e os servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- C) Inclúense só as actividades que sexan prestadas con recursos non públicos.
- D) Inclúense só os servizos que sexan prestados con recursos non públicos.

**4. Segundo o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, teñen a condición de autoridade sanitaria dentro das súas respectivas competencias:**

- A) O Consello da Xunta de Galicia.
- B) A persoa titular da consellería con competencias en sanidade.
- C) Os alcaldes ou alcaldesas.
- D) Todas as respostas son correctas.

**5. Segundo o artigo 8 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado, ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo así como a promoción e apoio á mellora das mesmas?**

- A) Comité de Seguridade e Saúde.
- B) Comisión Central de Seguridade e Saúde.
- C) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

**6. Segundo o artigo 9.4. da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o nomeamento de substitución NON se expedirá:**

- A) Para atender á prestación de servizos complementarios dunha redución de xornada ordinaria.
- B) Para atender as funcións de persoal fixo ou temporal durante os períodos de vacacións.
- C) Para atender as funcións de persoal fixo ou temporal durante os permisos.
- D) Para atender as funcións de persoal fixo ou temporal durante ausencias de carácter temporal que comporten a reserva da praza.

**7. De conformidade co artigo 20 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, NON se conservará indefinidamente na historia clínica:**

- A) As follas de consentimento informado.
- B) As follas de alta voluntaria.
- C) As follas de interconsultas.
- D) Os informes cirúrxicos e/ou rexistro de parto.

**8. Segundo o artigo 65 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal estatutario temporal efectuarase a través de procedementos que:**

- A) Permitan a máxima axilidade na selección.
- B) Se fundamenten nos principios de igualdade, mérito, capacidade, competencia e publicidade.
- C) Serán previamente negociados na Mesa Sectorial.
- D) Todas as respostas son correctas.

**9. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade no seu artigo 11, establece que serán deberes dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:**

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- C) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- D) Todas as respostas son correctas.

**10. De conformidade co artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a prestación do consentimento informado é:**

- A) Un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- B) Un dereito do médico para evitar reclamacións futuras.
- C) Un deber do paciente e a súa obtención un dereito do médico.
- D) Un deber do paciente.

1. Segundo o artigo 5 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen abarcarán como mínimo, con carácter xeral, o ámbito de cobertura territorial de:

- A) Un distrito sanitario.
- B) Unha área sanitaria.
- C) Unha provincia.
- D) A comunidade autónoma.

2. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade no seu artigo 42 establece que os Concellos, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, terán as seguintes responsabilidades mínimas:

- A) Control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria.
- B) O Catálogo e Rexistro Xeral de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- C) A elaboración de informes xerais sobre a saúde pública e a asistencia sanitaria.
- D) A determinación dos requisitos sanitarios das regulamentacións técnico-sanitarias dos alimentos.